La obligación de hacer públicas, una vez firmes, las sanciones impuestas por infracciones muy graves en materia de prevención de riesgos laborales, se materializó con la publicación en el BOCYL de fecha 6 de mayo de 2009, del “Decreto 30/2009, de 30 de abril por el que se regula la publicación de las sanciones por infracciones MUY GRAVES en materia de prevención de riesgos laborales”(con

do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Tal publicación será realizada tamén nos boletíns oficiais das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia, e nos diarios de máis difusión da Comunidade Autónoma.

4.3.—A presentación do/da candidato/a determina a aceptación íntegra das condicións desta convocatoria e das contidas no regulamento do premio.

4.4.—Rematado o prazo, ao que se refire o apartado 4.2 a Secretaría da Deputación da Coruña expedirá unha certificación das propostas presentadas que, xunto con elas e coa documentación correspondente, pasarán ao xurado do premio.

4.5.—A cada solicitude ou proposta lle serán xuntados cantos documentos sexan considerados de interese para o mellor coñecemento do candidato/a.

5. XURADO E ACTUACIÓNS

5.1.—Para adxudicar o premio ao que se refire esta convocatoria, será constituído un xurado integrado do xeito seguinte:

Presidente: O presidente da Xunta de Galicia.

Vicepresidente: O presidente da Deputación que convoca o premio, que este ano lle corresponde á Deputación da Coruña.

Vogais:

- Os presidentes das tres deputacións restantes ou persoas nas que deleguen.
- O presidente da Comisión de Cultura da deputación convocante.
- O conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.
- Un representante de cada un dos seguintes organismos:
 - a) Universidade de Santiago de Compostela.
 - b) Universidade de Vigo.
 - c) Universidade da Coruña.
 - d) Real Academia Galega.
 - e) Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos.
- Cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria, designadas pola Xunta de Galicia e de cada unha das deputacións.

Secretario: Con voz e sen voto, o da Deputación da Coruña.

5.2.—O xurado constituído emitirá o seu dictamen no mes seguinte ao día que remate o prazo de presentación de candidatos/as, e a súa actuación suxeitarase ao determinado nos artigos 4.2 a 4.6 do regulamento do premio.

5.3.—Da actuación do xurado e da adxudicación do premio será redactada acta detallada que, asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas, pasará a coñecemento do Pleno da Deputación convocante na primeira sesión que teña lugar.

5.4.—Copia da acta e dos demais antecedentes, que cumpran, para o coñecemento da tramitación do premio, remitiráselles ás deputacións de Lugo, Ourense e Pontevedra.

6. ENTREGA DO PREMIO

A entrega do premio será realizada no lugar e a data que determine o presidente da Deputación da Coruña, nun acto solemne e coa asistencia dos membros da Corporación provincial e do Xurado, así como de personalidades das artes, letras e ciencias da Comunidade Autónoma.

Xunto co premio, o/a galardoado/a recibirá una copia da acta da reunión do xurado.

7. NORMAS SUPLETORIAS

No que non estea previsto expresamente nestas bases, o xurado e a Deputación convocante terán en conta as normas contidas no regulamento do premio e nos xerais do funcionamento da Corporación provincial.

A Coruña, 17 de xuño de 2010.—O presidente, Salvador Fernández Moreda.—O secretario, José Luis Almau Supervía. 2010007532



AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DONA MARÍA LUISA JUNCAL REY DE LICENZA DE OBRA MENOR.

Intentada a notificación do acto administrativo sinalado no asunto (relativo ao exp. Nº 31724/06, a dona María Luisa Juncal Rey, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese á súa notificación mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra:

“Por medio do presente escrito notificolle que o Tenente de Alcalde da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2006, o día 6 de febreiro de 2007, dictou a seguinte resolución da que se transcribe o seu texto íntegro:

“ASUNTO: LICENZA DE OBRA MENOR

Examinado o expediente núm. 31724/06, que se tramita a instancia de dona MARIA LUISA JUNCAL REY (NIF Nº 35247794H), quen solicita licenza urbanística para a execución de obras de reforma consistentes no cambio do alicatado da cociña e dos baños e no pintado interior da vivenda sita na rúa Gagos de Mendoza, 8, 3ºD, en Pontevedra.

RESULTAN acreditados os seguintes FEITOS:

1º.—En data 26/01/07 o arquitecto técnico municipal da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística (O.T.D.U.) emitíu informe no que indica estima que non existe inconveniente en autoriza-lo solicitado, cumprindo as condicións que se impoñen no presente acto administrativo.

2º.—No expediente figura a liquidación tributaria da taxa pola tramitación de licenzas urbanísticas (depósito previo) polo importe de 42,73.—€. (Núm. liquidación 1125349)

CONSIDÉRANSE de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.—O artigo 194 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/02), modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro (DOG 31/12/04), concordante co artigo 10 do Decreto 28/1999 de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia establece os actos suxeitos a previa licenza municipal entre os que se atopa o presente suposto.

II.—O artigo 195 da mesma norma establece que o procedemento de outorgamento das licenzas axustarase ó previsto na lexislación de réxime local, de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico en vigor, correspondendo a competencia para outorga-las devanditas licenzas ás Entidades Locais de acordo coa citada lexislación, establecendo o seu desenvolvemento o Regulamento de Disciplina Urbanística, Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.

III.—O acto administrativo polo que se concede o denega unha licenza tomarase en exercicio de facultades regradas, estando constrinxida a actividade da Administración polas disposicións legais e de ordenación que pautan súa eficacia, e a este procedemento regrado axustouse a tramitación e resolución do presente expediente no que consta informe técnico favorable que xustifica a procedencia de acceder ao solicitado.

IV.—A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de decembro, e artigo 21.1.G) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, competencia delegada no Sr. Tenente de Alcalde da Área de Urbanismo e Medio Ambien-

te por acordo da Xunta de Goberno Local de trinta de xaneiro de dous mil seis.

Atendendo ó exposto, esta Tenencia da Alcaldía da Área de Urbanismo e Medio Ambiente en exercicio da área competencial delegada e de conformidade coa proposta formulada polo Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico (S.U.M.A.P.H.-Fomento) e á que prestou súa conformidade o Secretario da Administración Municipal,

RESOLVE

PRIMEIRO.—CONCEDER a dona MARIA LUISA JUNCAL REY (NIF Nº 35247794H) licenza urbanística para a execución de obras de reforma consistentes no cambio do alicatado da cociña e dos baños e no pintado interior da vivenda sita na rúa Gagos de Mendoza, 8, 3ºD, en Pontevedra.

A presente autorización suxeitarase ás seguintes condicións:

1.—Entenderase outorgada a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros nin da intervención ou atribucións que poidan corresponder a outras Administracións ou Xurisdicións. A autorización municipal non exime da obtención de aquelas outras de particulares que sexan imprescindibles, como permido da Comunidade de Propietarios naquelas obras que afecten a partes comúns do edificio ou fachada.

2.—O petionario farase cargo da responsabilidade a que houbera lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos ás persoas ou cousas.

3.—Conforme aos propios termos da solicitude, non se realizará ningún cambio da distribución existente nas vivendas.

4.—As obras a realizar serán exclusivamente aquelas que se reseñan na solicitude presentada.

SEGUNDO.—Remitir copia desta resolución ao Servizo Municipal de Xestión Tributaria, para os efectos de liquidación do I.C.I.O. e demais tributos se fosen procedentes.

Así o dispuxo e ordenou na presente resolución da Tenencia de Alcaldía, dictada en Pontevedra a 6 de febreiro de 2007 por delegación da Xunta de Goberno Local outorgada mediante acordo de trinta de xaneiro de dous mil seis, dando fe o Secretario da Administración Municipal.”

RECURSOS PROCEDENTES CONTRA O ACTO ADMINISTRATIVO DE LICENZA:

Contra a precedente resolución, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer ben o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que a dictou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á da súa notificación, ó abeiro do establecido no art. 116-1 da Lei

30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Regulamentadora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes segundo se establece no art. 117-2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, enténdese desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43-2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de SEIS MESES contados desde o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no art. 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Regulamentadora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa.

Nembargantes, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente consonte a dereito.”

Pontevedra, 23 de xuño de 2010.—A Tenente de Alcalde delegada da área de Urbanismo e Vivenda, M^a Teresa Casal García. **2010007292**

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DON JERÓNIMO ABAL SANMARTÍN DE OFICIO RELATIVO A AUDIENCIA PREVIA Á DECLARACIÓN DE CADUCIDADE.

Intentada a notificación do acto administrativo sinalado no asunto (relativo ao exp. Nº 13.052/07, a Don José Fernández Martínez, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese á súa notificación mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra:

“EXPTE. NÚM.: 6.933/10

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA DO INMOBLE SITO NA RÚA FIGUEROA, Nº 5 - BAIXO, DESTA CIDADE.

SOLICITANTE: DON JERÓNIMO ABAL SANMARTÍN

REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN CON ADVERTENCIA DE CADUCIDADE

Vista a súa solicitude de data 01/03/10 e nº de rexistro de entrada de documentos do Concello de Pontevedra 6.933/10 de información urbanística do inmovible sito na rúa Figueroa, nº 5-baixo, na cidade de Pontevedra, comunicolle que a arquitecta técnica da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, emitíu informe en data 03/03/10, no que require a aportación de documentación consistente en planos de planta e alzado do inmovible coa solución adaptada á normativa autonómica de accesibilidade. Asemade deberá presentar memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver no citado inmovible.

Xa que logo, ao abeiro do disposto nos artigos 76 e 84 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, requírolle para que nun prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da recepción deste oficio, presente a documentación necesaria para emendar as deficiencias advertidas no informe técnico remitido, outorgándolle, durante o devantido prazo, vista e audiencia no expediente co fin de que poida examinalo e presentar as alegacións que estime procedentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

Asemade, advírtolle expresamente de que unha vez transcorrido o prazo outorgado no parágrafo anterior sen que conste presentada a documentación requirida que emende as deficiencias detectadas, o procedemento entenderase paralizado por causa imputable ao solicitante de xeito que transcorrido un prazo de tres meses (contados dende o día seguinte ao da finalización do prazo de quince días referido no parágrafo anterior) sen que se o suxeito interesado realice a actividade necesaria para reanudar a tramitación (consistente na presentación da documentación precisa para emendar as deficiencias advertidas polo citado técnico municipal no seu informe), o Concello declarará a caducidade do expediente e acordará o arquivo das actuacións, de conformidade co disposto no artigo 92 da citada lei 30/1992. ”

Pontevedra, 11 de xuño de 2010.—A Tenente de Alcalde delegada da área de Urbanismo e Vivenda, M^a Teresa Casal García. **2010007293**

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DONA EVA MARÍA INSUELA DURÁN DE OFICIO RELATIVO A REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Intentada a notificación do acto administrativo sinalado no asunto (relativo ao exp. Nº 8.345/07) a dona Eva María Insuela Durán, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese á súa notificación mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra:

“REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

En relación co expediente nº 08345/07 que se tramitou a instancia de DONA EVA MARÍA INSUELA DURÁN, solicitando licenza urbanística para obra menor no inmovible da rúa Juan Bautista Andrade, comunícolle que polo arquitecto técnico da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística, emitiuse o informe do que achega copia.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, requírolle para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción do presente oficio, aporte a documentación á que se refire o dito informe, como trámite previo á resolución do procedemento de licenza interesada, podendo durante dito prazo formula-las alegacións e xustificación que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos ou intereses.

De non cumprirse este trámite, nun prazo máximo de TRES MESES, se lle poderá declara-la caducidade do expediente, procedendo ó seu arquivo, tal e como se establece no art. 92 da citada lei 30/1992 de 26 de novembro.”

Pontevedra, 11 de xuño de 2010.—A Tenente de Alcalde delegada da área de Urbanismo e Vivenda, M^a Teresa Casal García. **2010007294**

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DONA SUSANA RAMOS PORTO DE PROVIDENCIA DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE RELATIVO A INFORMACIÓN URBANÍSTICA

Intentada a notificación do acto administrativo sinalado no asunto (relativo ao exp. Nº 35.694/06) a dona Susana Ramos Porto e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procé-

dese á súa notificación mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra:

“EXPT. 35694/06

ASUNTO: INFORMACIÓN URBANÍSTICA DE BENS CATALOGADOS SOBRE A NECESIDADE DE CONSERVACIÓN DE FACHADAS E POSIBILIDADE DE COLOCACIÓN DE PLACAS SOLARES PARA ACS E CALEFACCIÓN NAS MAZÁS CATALOGADAS Nº 107(ENTRE CAMPO DA TORRE E VÍCTOR S ARMESTO) E Nº 109 (IRMÁNS NODALES)

SOLICITANTE: RAMOS PORTO, SUSANA

PROVIDENCIA DA TENENCIA DE ALCALDÍA DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE

Examinado o expediente núm. 35694/06 incoado en data 16/12/06 a instancia da Consellería de Cultura e Deporte, que se tramita a instancia de dona Susana Ramos Porto con NIF 33289208 C, en solicitude de información urbanística de bens catalogados sobre a necesidade de conservación de fachadas e posibilidade de colocación de placas solares para ACS e calefacción nas mazás catalogadas nº 107 (entre Campo da Torre e Víctor Sáez Armesto) e nº 109 (Irmáns Nodales, nº 47), desta cidade, conséntase que mediante oficio da Tenencia da Alcaldía de data 09/02/10 se lle require á solicitante para que nun prazo de dez días achegase documentación complementaria consistente en fotocopia do DNI e pago da taxa pola tramitación de licenzas urbanísticas. Asemade, advertíase que no caso de non achegar a referida documentación no prazo sinalado teríase por desistida da súa petición e resolveríase, en consecuencia procedendo ao seu arquivo.

Este acto foi efectivamente notificado mediante anuncio publicado no BOP de data 26/02/10 e non consta a data de hoxe que se achegase a documentación requirida.

Xa que logo, ao abeiro do disposto nos artigos 71.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e en exercicio da competencia delegada, resolvo declarar o desistimento da solicitude de informe instada por dona Susana Ramos Porto con NIF 33289208 C, de solicitude de información urbanística de bens catalogados sobre a necesidade de conservación de fachadas e posibilidade de colocación de placas solares para ACS e calefacción nas mazás catalogadas nº 107 (entre Campo da Torre e Víctor Sáez Armesto) e nº 109 (Irmáns Nodales, nº 47), desta cidade, dar traslado ao correspondente Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Administrativa para a súa inspección e posterior tramitación das medidas oportunas, e dispoñer o seu arquivo, comunicándollo á interesada. ”

Pontevedra, 11 de xuño de 2010.—A Tenente de Alcalde delegada da área de Urbanismo e Vivenda, M^a Teresa Casal García. **2010007295**

ASUNTO: NOTIFICACIÓN A DON CARLOS ÁLVAREZ DE TOLEDO LARIOS DE OFICIO RELATIVO A INFORMACIÓN URBANÍSTICA DO EDIFICIO DE CORREOS.

Intentada a notificación do acto administrativo sinalado no asunto (relativo ao exp. Nº 1.475/05) a don Carlos Álvarez de Toledo, e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese á súa notificación mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra:

“EXPTE. NÚM.: 1.475/05

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA DO EDIFICIO DE CORREOS SITO NA RÚA DA OLIVA, Nº 19, EN PONTEVEDRA

SOLICITANTE: DON CARLOS ÁLVAREZ DE TOLEDO LARIOS

En relación coa súa solicitude de información urbanística, comunícolle que a Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente na sesión que tivo lugar o 30/03/10, ditaminou, por unanimidade, dispoñer a remisión ao interesado do informe emitido pola Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Pontevedra, 11 de xuño de 2010.—A Tenente de Alcalde delegada da área de Urbanismo e Vivenda, M^a Teresa Casal García. **2010007296**

* * *

V I G O

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 238-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Rehabilitación da escola infantil da rúa Casiano Martínez.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 245.896,80 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: CONSTRUCCIONES PARAXE S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 233.601,96 euros (IVE engadido).

Vigo, 09 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007376

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA TOMÁS A. ALONSO.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 237-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Rehabilitación da escola infantil da rúa Tomás A. Alonso.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 245.896,80 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: CONSTRUCCIONES PARAXE S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 233.601,96 euros (IVE engadido).

Vigo, 09 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007375

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN NO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO, UBICADA NO CASCO HISTÓRICO DA CIDADE.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio Histórico. Nº Expediente: 5465-307.

2.—*Obxecto do contrato*: descrición: Obras de renovación das redes de servizos de augas e actuacións de conservación do contorno da colexiata de Vigo.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 694.792,95 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 19-05-2010

Contratista: C. ALDASA, S.L.U.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 660.053,30 euros (IVE engadido).

Vigo, 07 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007374

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 196-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Obras de instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Bolivia (entre Gran Vía e Panamá) e Padre Don Rúa.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 1.694.527,51 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 19-05-2010

Contratista: UTE SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. - FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS S.L.U.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.609.801,12 euros (IVE engadido).

Vigo, 08 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007373

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO CASCO HISTÓRICO DE VIGO.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio Histórico. Nº Expediente: 5517-307.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Renovación do alumeado público para o aforro enerxético no casco histórico de Vigo.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 1.104.885,81 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: C. ALDASA S.L.U.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.049.641,52 euros (IVE engadido).

Vigo, 08 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007372

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS, SANITARIOS, CULTURAI E DEPORTIVOS NA ALAMEDA DE BEMBRIVE

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Montes, Parques e Xardíns. Nº Expediente: 5097-446.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Construción, adecuación e mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na alameda de Bembrive.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 366.307,26 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: EIRIÑA S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 347.991,90 euros (IVE engadido).

Vigo, 09 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007371

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FUTBOL DE SANTA MARIÑA-CABRAL.

1.—*Entidade que adxudica:* Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Concellería de Deportes. Nº Expediente: 9377-333.

2.—*Obxecto do contrato:* Descrición: Mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Santa Mariña-Cabral.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación:* 312.050,60 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación:*

Data: 10-05-2010

Contratista: CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 296.447,28 euros (IVE engadido).

Vigo, 09 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007370

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMINICA NA RÚA TOMÁS A. ALONSO (CURVA DE SAN GREGORIO)

1.—*Entidade que adxudica:* Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 195-440.

2.—*Obxecto do contrato:* Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora lumínica na rúa Tomás A. Alonso (curva San Gregorio)

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación:* 1.208.848,31 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación:*

Data: 19-05-2010

Contratista: SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.148.405,89 euros (IVE engadido).

Vigo, 09 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007369

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMINICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUÍZ E CAMELIAS

1.—*Entidade que adxudica:* Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 200-440.

2.—*Obxecto do contrato:* Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora lumínica na rúa López Mora, entre José Frau Ruíz e Camelias.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación:* 1.750.559,03 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación:*

Data: 28-05-2010

Contratista: ORECO S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.663.031,07 euros (IVE engadido).

Vigo, 10 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007368

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CREACIÓN DE ÁREAS ETNOARQUEOLÓXICAS MEDIANTE UNHA POSTA EN VALOR DOS BENS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DE CANDEÁN, ZAMÁNS E SAIANS EN VIGO.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio Histórico. Nº Expediente: 5470-307.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Creación de áreas etnoarqueolóxicas mediante unha posta en valor dos bens patrimoniais das parroquias de Candeán, Zamáns e Saiáns de Vigo.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 96.311,36 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 24-05-2010

Contratista: VAN DIVULGACION CULTURAL S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 95.120 euros (IVE engadido).

Vigo, 10 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007367

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO, MELLORA LUMÍNICA E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 205-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento, mellora lumínica e mellora da seguridade vial no entorno da rúa Celso Emilio Ferreiro.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 759.796,87 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 721.807,03 euros (IVE engadido).

Vigo, 10 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007366

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PI Y MARGALL, ENTRE CHILE E LÓPEZ MORA

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 202-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Pi y Margall, entre Chile e López Mora.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 1.286.799,79 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.222.459,79 euros (IVE engadido).

Vigo, 10 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007365

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA DR. CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E RÚA LÓPEZ DE NEIRA)

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 197-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Dr. Cadaval (entre Porta do Sol e rúa López de Neira).

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 814.554,95 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: UTE EIRIÑA S.L. - IMESAPI S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 773.827,20 euros (IVE engadido).

Vigo, 11 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007364

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 204-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Pizarro.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 2.010.144,15 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: MOVEXVIAL S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.909.636,08 euros (IVE engadido).

Vigo, 14 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007363

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS SANTO DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 203-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica nas rúas Santo Domingo, Condesa Casa Bárcena e San Salvador.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 1.383.648,90 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación*:

Data: 28-05-2010

Contratista: UTE EIRIÑA S.L. - IMESAPI S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.314.466,46 euros (IVE engadido).

Vigo, 14 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007362

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PI Y MARGALL, ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E CHILE.

1.—*Entidade que adxudica*: Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 201-440.

2.—*Obxecto do contrato*: Descrición: Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Pi y Margall, entre Paseo de Alfonso XII e Chile.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación*:

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación*: 1.761.124,23 euros. (IVE engadido)

5.—Adxudicación:

Data: 11-05-2010

Contratista: EIRIÑA S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.673.068,02 euros (IVE engadido).

Vigo, 14 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007361**A N U N C I O****ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE DIEGO SANTOS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E RED SEPARATIVA DE AUGAS.****1.—Entidade que adxudica:** Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio Hiostórico. Nº Expediente: 5469-307.**2.—Obxecto do contrato:** Descrición: Rehabilitación do contorno da praza de Diego Santos e renovación das redes de saneamento e rede separativa de augas.**3.—Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:**

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—Presuposto base de licitación: 261.024,81 euros. (IVE engadido)**5.—Adxudicación:**

Data: 28-05-2010

Contratista: MOVEXVIAL S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 247.973,20 euros (IVE engadido).

Vigo, 16 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007360**A N U N C I O****ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DUN CARRIL BICI NA AVENIDA DE CASTELAO****1.—Entidade que adxudica:** Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Montes Parques e Xardíns.. Nº Expediente: 5091-446.**2.—Obxecto do contrato:** Descrición: Adecuación dun carril bici na Avenida de Castelao.**3.—Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:**

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—Presuposto base de licitación: 123.566,02 euros. (IVE engadido)**5.—Adxudicación:**

Data: 28-05-2010

Contratista: HIDROSCIVIL S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 117.387,72 euros (IVE engadido).

Vigo, 16 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007359**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DEPORTIVA PARA MAIORES EN VALADARES.****1.—Entidade que adxudica:** Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Participación e atención cidadá. Nº Expediente: 4598-320.**2.—Obxecto do contrato:** Descrición: Construcción dunha pista polideportiva para maiores na parroquia de Valadares.**3.—Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:**

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—Presuposto base de licitación: 144.594,97 euros. (IVE engadido)**5.—Adxudicación:**

Data: 19-05-2010

Contratista: OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 137.365,22 euros (IVE engadido).

Vigo, 16 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007358**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE EFICIENCIA, XESTIÓN DE RECURSOS HÍDRICOS E OUTRAS REDES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA NA RÚA SANTA CRISTINA.****1.—Entidade que adxudica:** Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Montes, parques e Xardíns. Nº Expediente: 5090-446**2.—Obxecto do contrato:** Descrición: Eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de suministro de auga na rúa Santa Cristina.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación:* 231.351,94 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación:*

Data: 28-05-2010

Contratista: CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 219.784,35 euros (IVE engadido).

Vigo, 18 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007357

A N U N C I O

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ.

1.—*Entidade que adxudica:* Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Servizos Xerais. Nº Expediente: 199-440.

2.—*Obxecto do contrato:* descrición: Obras de instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa López Mora, entre Pi y Margall e José Frau Ruíz.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

4.—*Presuposto base de licitación:* 1.748.006 euros. (IVE engadido)

5.—*Adxudicación:*

Data: 19-05-2010

Contratista: MOVEXVIAL S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 1.660.604,96 euros (IVE engadido).

Vigo, 08 de xuño de 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010007356

BUEU

Anuncio de adxudicación definitiva

A Xunta de Goberno Local en sesión celebra con carácter ordinario o 28 de maio de 2010 adxudicou definitivamente o contrato polo servizo de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria do concello de Bueu á Entidade Mercantil SCI, Servicios de Colaboración Integral S.L. con CIF B-96.067.400.

De conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas e Prescripcions técnicas e nos seguintes termos:

- Por la colaboración en recaudación en período voluntario de cobro y en período ejecutivo cuando se aplique que unicamente el recargo ejecutivo del 5%, 4,20% de la recaudación obtenida por cada concepto.
- Por la colaboración en período ejecutivo de cobro en aquellos casos en que se tenga notificada a providencia de apremio y se apliquen los recargos de apremio reducidos y ordinario 13,50% de la recaudación obtenida, incluyendo en recargo de apremio y los intereses de demora.
- Por la asistencia y colaboración en la gestión catastral Por cada unidad catastral y notificación 48€
- Por la colaboración en materia de inspección tributaria 20% de la recaudación obtenida.

Y de conformidad con el Plan de trabajo presentado, contenido en el sobre "C" que forma parte del expediente de contratación.

En tódalas retribucións previstas na presente cláusula enténdese sempre incluída a cota tributaria do Imposto sobre o Valor engadido.

En Bueu, a 28 de maio de 2010.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

2010006994

Anuncio de adxudicación definitiva

O Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria-Urxente celebrada con data 21 de Maio de 2.010 prestou aprobación á proposta da Alcaldía-Presidencia do Concello de Bueu asinada con data 19 de Maio de 2.010, que a seguir se transcribe dun xeito literal:

Visto que por acordo plenario de 7 de xaneiro aprobouse o proxecto e a inversión "Construción Centro Municipal de Deportes en A Graña. Bueu" para su financiación con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, creado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, por importe de 1.337.829,00 Euros.

Visto que pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 18 de febreiro de 2010, aprobaronse os pregos de clausulas administrativas particulares, previos informes preceptivos de Intervención e Secretaría.

Visto que en sesión plenaria de data 28 de abril adxudicouse de maneira provisional o contrato de obras para a construción do “Centro Municipal de Deportes do Concello de Bueu á empresa Antalsis S.A

Visto que frenta ao anuncio da adxudicación provisional presentáronse alegacións por parte de D. José Pousada Boubeta e D. Constantino Portela Juncal.

Visto o informe de secretaría de data 19 de maio de 2010.

Visto todo o anterior, e en aras ao cumprimento da legalidade.

Presento ante o Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.—Desestimar as alegacións presentadas por D. José Pousada Boubeta e D. Constantino Portela Juncal.

Segundo.—Adxudicar de maneira definitiva o contrato de obras para a construción do “Centro Municipal de Deportes do Concello de Bueu á empresa Antalsis S.A, tras a presentación da documentación pertinente.

Terceiro.—Notificar o acordo aos interesados co seu réxime de recursos.

En Bueu, a 25 de maio de 2010.—O Alcalde,
Félix Juncal Novas. **2010006993**

* * *

COTOBADA

E D I C T O

Intentada a notificación a D^a. Beatriz Martínez Pérez, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común publícase a seguinte notificación:

Resolución de alcaldía, de data 3 de xuño de 2010

Vista a denuncia presentada pola Comandancia de Pontevedra da Garda Civil, remitida a este Concello pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, en data 30 de Abril de 2010, pola que se da parte do abandono de vehículo que máis abaixo se identifica, que figura a nome de Beatriz Martínez Pérez, titular do NIF 76860672P, con domicilio en Estrigueirtas 10, 2^aA Pontevedra.

Visto que queda constatado que o vehículo da súa titularidade, Hyundai Acent, con matrícula PO7807AX, encontrábase abandonado na vía pública, na Parroquia de Tenorio, no lugar da Laxe,

coas 4 rodas pinchadas, os limpaparabrisas oxidados carecendo de manubrio de apertura na porta do condutor con verdello na pintura.

Transcorrendo máis dun mes desde que se detectou dito vehículo na situación indicada, de conformidade co establecido no artigo 71.1 do Texto Articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por real Decreto Lexislativo 339/90 de 2 de Marzo.

Atopándose dende hai tempo o vehículo matrícula PO7807AX, marca Hyundai, modelo Acent encontrábase abandonado na vía pública, na Parroquia de Tenorio, no lugar da Laxe, coas 4 rodas pinchadas, os limpaparabrisas oxidados carecendo de manubrio de apertura na porta do condutor con verdello na pintura, segundo denuncia que encabeza o expediente, do que figura como titular Beatriz Martínez Pérez, e tendo en conta o tempo transcorrido sen que se alterara o aparcamento, o estado de falta de conservación e os sinais aparentes de abandono.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.—Requíreselle, para que no improrrogable prazo de 15 días, proceda a súa retirada do citado vehículo ou a súa entrega nun centro autorizado de tratamento ou instalación de recepción regulado no Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ó final da súa vida útil, advertíndolle que pasado o citado prazo sen dar cumprimento ó requirido, esta Administración adoptará contra vostede as medidas sancionadoras previstas nos artigos da Lei 10/1997 de Residuos Sólidos urbanos de Galicia e 34 da Lei 10/1998 do 21 de abril, de Residuos que prevén sancións entre 600 e 30.000 € para supostos de infracción grave e procedéndose ademais á retirada polo guindastre do vehículo citado, dándolle o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente (art. 71 da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, na redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril) coa advertencia de que se lle liquidarán as taxas que se teñan devengadas polo transporte e depósito do vehículo.

Durante o citado prazo de quince días poderá formula-las alegacións que estime pertinentes.

Segundo.—Notifíquese a presente Resolución ó interesado como acto de trámite.

Cotobade, a 15 de xuño de 2010.—O alcalde,
Manoel Loureiro Adán. **2010006965**

E D I C T O

Intentada a notificación a D. Marcelino Martínez Prego, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común publícase a seguinte notificación:

Resolución de alcaldía, de data 26 de maio de 2010

Vista a denuncia presentada pola Comandancia de Pontevedra da Garda Civil, remitida a este Concello pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, en data 03 de Febreiro de 2010, pola que se da parte do abandono de vehículo que máis abaixo se identifica, que figura a nome de Marcelino Martínez Prego titular do NIF 76841548, con domicilio en Piñeiro 5 – Briallós, Portas.

Visto que queda constatado que o vehículo da súa titularidade, Volkswagen Jetta, con matrícula PO3272AF, encontrábase abandonada na vía pública, na Parroquia de Carballedo, na lugar de Trabazo 15.

Transcorrendo máis dun mes desde que se detectou dito vehículo na situación indicada, de conformidade co establecido no artigo 71.1 do Texto Articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por real Decreto Legislativo 339/90 de 2 de Marzo.

Atopándose dende hai tempo o vehículo matrícula PO3272AF, marca Volkswagen, modelo JETTA abandonado encontrábase abandonada na vía pública, na Parroquia de Carballedo, na lugar de Trabazo 15., segundo denuncia que encabeza o expediente, do que figura como titular Marcelino Martínez Prego, e tendo en conta: o tempo transcorrido sen que se alterara o aparcamento, o estado de falta de conservación e os sinais aparentes de abandono.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.—Requíreselle, para que no improrrogable prazo de 15 días, proceda a súa retirada do citado vehículo ou a súa entrega nun centro autorizado de tratamento ou instalación de recepción regulado no Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ó final da súa vida útil, advertíndolle que pasado o citado prazo sen dar cumprimento ó requirido, esta Administración adoptará contra vostede as medidas sancionadoras previstas nos artigos da Lei 10/1997 de Residuos Sólidos urbanos de Galicia e 34 da Lei 10/1998 do 21 de abril, de Residuos que prevén sancións entre 600 e 30.000 € para supostos de infracción grave e procedéndose ademais á retirada polo guindastre do vehículo citado, dándolle o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente (art. 71 da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, na redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril) coa advertencia de que se lle liquidarán as taxas que se teñan devengadas polo transporte e depósito do vehículo.

Durante o citado prazo de quince días poderá formula-las alegacións que estime pertinentes.

Segundo.—Notifíquese a presente Resolución ó interesado como acto de trámite.

Cotobade, a 18 de xuño de 2010.—O alcalde, Manoel Loureiro Adán. **2010007054**

A ESTRADA

A N U N C I O

Pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño de 2010 acordouse:

- Aprobar as bases para cubrir, en réxime de interinidade (por acumulación de tarefas), unha praza de auxiliar administrativo para o departamento de Intervención.

BASES PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

PRIMEIRA.—OBJECTO DA CONVOCATORIA E SISTEMA DE SELECCIÓN

É obxecto desta convocatoria o nomeamento de un funcionario interino (Auxiliar Administrativo-Grupo C2) durante un período de 6 meses, a través do proceso de selección de oposición, ao abeiro do disposto no artigo 10.d da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e do artigo 8.2 da Decreto Legislativo 1/08, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

SEGUNDA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.—Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuí-la nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente..
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

2.—Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día do remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ó menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

TERCEIRA.—SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Excmo. Concello da Estrada. A instancia conterà, ó menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria, xuntando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade e certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2, Iniciación, Certificado de Escola de Idiomas ou equivalente). Non obstante no Rexistro Xeral do Concello facilitarase ós interesados un modelo de solicitude redactado segundo o Anexo II destas Bases.

2.—O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.—A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

4.—Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.—ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1.—Rematado o prazo dos dez días naturais fixado para a presentación de solicitudes a Alcaldía dictará Resolución relativa á aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello., tendo en conta a urxencia e interinidade da contratación. No caso de non existir excluídos, a lista será considerada como definitiva.

2.—No caso de existir aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación do acordo, para poder subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que houbera motivo a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo coa publicación da lista definitiva, así mesmo, no Taboleiro de anuncios.

QUINTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador desta oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

Presidente:

Titular: Dna. Rosa Méndez Aragunde

Suplente: D. Javier García Calvo

Secretario:

Titular: Dna. Julia García Oya

Suplente: D. Manuel Barreiro Barreiro

Vogais:

Titular: Dna. Sonia Magariños Carbia

Suplente: D. Manuel Regueiro Carbia

Titular: D. Manuel Ferreiro Cabaleiro

Suplente: Dna. Carmen Fuentes López

Titular: Dna. Gisela Rey Baltar

Suplente: D. Ventur a García Rosende

Tódolos membros dos Tribunais deberán posuíla titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ó Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstenición e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituido o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vocais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SEXTA.—COMEZO DOS EXERCIZOS

1.—A data e hora na que deberá constituirse o Tribunal determinarase por Resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data de celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

2.—Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3.—Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

SÉTIMA.—DESENVOLVEMENTO DOS EXERCIZOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1.—En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

2.—A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercizos que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o ano de celebración dos exercizos.

3.—Si en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falseidades observadas ós efectos procedentes.

4.—Concluído cada un dos exercizos da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

5.—A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, ó menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6.—Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer ó menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7.—Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ó previsto na Lei de Réxime Xu-

rídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

*OITAVA.—EXERCIZOS DA OPOSICIÓN**PRIMEIRO EXERCIZO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO*

Constará de dúas partes: teórica e práctica.

Parte teórica:

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 1 hora, un tema elixido polo aspirante entre dous sacados ao chou, sobre o temario anexo.

Parte práctica:

Consistirá nunha proba, que se realizará nun tempo máximo de 30 minutos, que prantexará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo a tarefas propias das funcións asignadas ó posto, e baseado no temario que figura como Anexo ás presentes Bases.

SEGUNDO EXERCIZO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na edición, arquivo e impresión dun documento, en ordenador no programa Microsoft Word durante o período de 20 minutos.

TERCEIRO EXERCIZO.—PROBA DE GALEGO

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 2, iniciación, certificado de escola de idiomas ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos, asimesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o primeiro exercicio obrigatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

NOVENA.—CUALIFICACIÓN DOS EXERCIZOS DA OPOSICIÓN

Cada un dos exercizos obrigatorios e eliminatórios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego), sendo necesario para aprobar cada un dos exercizos e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercizos obrigatorios e eliminatórios. A

orde de colocación dos aspirantes na lista definitiva de aprobados establecerase de maior a menor puntuación.

DÉCIMA.—CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1.—A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercizos obrigatorios e eliminatórios..

2.—Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

3.—O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4.—Non obstante, o Tribunal ó cualificar cada uno dos exercizos no terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán supera-lo número de prazas convocadas.

5.—No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercizo e si isto no fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercizos ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMOPRIMEIRA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS OPOSITORES APROBADOS

1.—A relación de aprobados, publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial, conterá unha advertencia recordando ós opositores aprobados que deberán presenta-la documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

2.—Os aspirantes propostos aportarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada por ámbolos dous lados.

Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

DECIMOSEGUNDA.—NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO E TOMA DE POSESIÓN

1.—Concluído o proceso selectivo do aspirante aprobado, non podendo exceder en ningún caso das prazas convocadas, será nomeado funcionario interino polo Sr. Alcalde unha vez se xustifique documentalmete o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

2.—A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento; de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada, decaerá dos seus dereitos.

DECIMOTERCEIRA.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, ós Tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DECIMOCUARTA.—INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMOQUINTA.—RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimesmo, poderá presentarse o recurso postestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO

TEMARIO

1.—A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución española. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución.

2.—A organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ó Defensor del Pueblo. O Poder Xudicial.

3.—O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado. As Comunidades Autónomas. Estatutos de Autonomía. A Administración Local.

4.—O Réxime Local español: principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre Entes territoriais. A Autonomía Local.

5.—O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ó empadramento. A organización. Competencias municipais.

6.—A provincia: Organización provincial. Competencias.

7.—Outras Entidades Locais. Mancomunidades. Comarcas e outras Entidades que agrupen varios Municipios. As Áreas Metropolitanas. As Entidades de ámbito territorial inferior ao municipal.

8.—Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. Fontes do Dereito Administrativo: especial referencia á Lei e aos Regulamentos. A potestade regulamentaria na esfera local; Ordenanzas, Regulamentos e Bandos; procedemento de elaboración e aprobación.

9.—A relación xurídico-administrativo. Dereitos do Administrado. Os actos xurídicos do Administrado.

10.—O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos. Revisión dos actos administrativos de oficio e en vía de recurso administrativo.

11.—O procedemento administrativo. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrucción e terminación. Dimensión temporal do procedemento. Referencia aos procedementos especiais.

12.—Especialidades do procedemento administrativo local. O Rexistro de Entrada e Saída de documentos. Funcionamento de órganos colexiados locais; réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do Presidente da Corporación.

13.—Formas da acción administrativas, con especial referencia á Administración Local. A actividade de Fomento. A actividade de Policía: as licenzas. O Servizo Público Local. A responsabilidade da Administración.

14.—Os bens das Entidades Locais. O dominio público. O patrimonio privado das mesmas.

15.—Os contratos administrativos na esfera local. As garantías e responsabilidade na contrata-

ción. Execución, modificación e suspensión. A revisión de prezos. Invalidez dos contratos. Extinción dos contratos.

16.—O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

17.—As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As Ordenanzas Fiscais.

18.—Estudio especial dos ingresos tributarios; Impostos, Tasas e Contribucións Especiais. Os Prezos Públicos. Facturas: rexistro, contabilización, etc.

19.—Os Presupostos das Entidades Locais. Principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación do Presuposto Local. Principios xerais de execución do Presuposto. Modificacións presupostarias: os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, as transferencias de créditos e outras figuras. Liquidación do Presuposto.

20.—O gasto público local: concepto e réxime legal. Execución dos gastos públicos. Contabilidade e contas.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

*SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.
CONCELLO DA ESTRADA*

D.
con DNI nº.....
e con enderezo en,
a V.S.;

EXPÓN:

Que enterado do anuncio da convocatoria para a provisión de unha praza de Auxiliar Administrativo (persoal funcionario interino)..

Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria, a V.S.;

SUPLICA: Se lle admita á práctica das probas para a indicada selección, co compromiso de prestar xuramento ou promesa do xeito legalmente previsto para o caso de que fora proposto/a para cubrir a indicada praza ofertada..

A Estrada, a de..... de 20

A Estrada, a 16 de xuño de 2010.—O alcalde,
José Antonio Dono López. **2010007099**

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemen-

to Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada notificación persoal a Vicente Fernández Urceira, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase ao interesado, para que no prazo de dez días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a notificación que a continuación se relaciona, obrante no expte. administrativo de información sobre o camiño nº 41.

Notificación da Comunicación da Alcaldía de data 27/04/2010.

Gondomar, a 9 de xuño de 2010.—O Alcalde acctal., Alfonso de Lis Fiuza. **2010006958**

Anuncio de adxudicación definitiva

Por Resolución da Alcaldía de data 11/06/2010, aprobouse a adxudicación definitiva do contrato administrativo do “Servizo de Axuda no Fogar” e, en cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007 de outubro, de contratos do sector público, publícase a adjudicación definitiva do seguinte acordo:

TIPO DE PODER ADXUDICADOR

Organismo: Concello de Gondomar

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

Referencia expediente: A.X/S.X./EXPTE. S.A.F. 54/09

OBJECTO DO CONTRATO

Tipo de contrato: servizos

Obxecto: Xestión do “Servizo de Axuda no Fogar” do Concello de Gondomar.

TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

Tramitación: aberto

Procedemento: ordinaria

PREZO DE ADXUDICACIÓN

14,79 €/hora.

Cantidade máxima autorizada no actual exercizo orzamentario: 45.000 €.

Partida orzamentaria 313/48000 dos vixentes ornamentos municipais.

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Data: 11/06/2010 por Resolución da Alcaldía

Contratista: Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.

Nacionalidade: española

PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN

Perfil do contratante: www.concellodegondomar/documentos

Gondomar, a 11 de xuño de 2010.—O Alcalde acctal., Alfonso de Lis Fiuza. **2010006960**

A N U N C I O

Aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal reguladora dos ficheiros de carácter persoal do concello de Gondomar.

O Pleno da Corporación deste Concello na sesión ordinaria celebrada con data trinta e un de maio de 2010, acordou aprobar inicialmente a Modificación da Ordenanza Municipal reguladora dos ficheiros de carácter persoal do Concello de Gondomar e someter a Ordenanza de referencia a información pública polo prazo de trinta (30) días a contar dende o día seguinte a esta publicación, para a presentación de reclamacións e suxerencias, ao abeiro do procedemento establecido no art.49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Gondomar, a 15 de xuño de 2010.—O Alcalde-Presidente, Martín V. Urgal Alonso. **2010007050**

* * *

MARÍN

A N U N C I O

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día dezoito de xuño de dous mil nove o Padrón das Taxas de auga, lixo e sumidoiro correspondente o segundo trimestre do ano 2010, estará a disposición do público no servizo de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, pónse en coñecemento dos contribuintes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de auga, lixo e sumidoiro correspondente o segundo trimestre do ano 2010 será o comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se

aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

O imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras, Caixanova, Caixa Galicia, Banco Gallego, La Caixa, BBVA, Banco Pastor, Banesto e o Banco Santander, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario (agás os recibos domiciliados en entidades de depósito).

Os contribuíntes que a 31 de xullo do 2010 non tivesen recibido nos seus domicilios os formularios de ingreso disporán de prazo ata o 31 de agosto de 2010 (ou o inmediato hábil posterior se aquel fora festivo) para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Marín e efectuar o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devengarán os recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Marín, a dezaoito de xuño de dous mil nove.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto.

2010007115

* * *

O PORRRIÑO

A N U N C I O

O Pleno da Corporación municipal na sesión ordinaria de data 31 de maio de 2010, aprobou o acordo que ten o seguinte contido literal.

“1º) Aprobado inicialmente os estatutos da agrupación de voluntarios de protección civil.

2º) Someter o expediente a información pública por un prazo de 30 días mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Edictos do Concello”.

O que se fai público para o xeral coñecemento para que os interesados presenten as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen convintes, en cumprimento do estipulado pola lexislación vixente.

O Porriño, 10 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2010006912

A N U N C I O

Con data 9 de abril e 2010 aprobaronse inicialmente en sesión ordinaria polo Pleno os acordos que a continuación se relacionan:

- Aprobación inicial da ordenanza reguladora de axudas técnicas (concesión de guas eléctricas)
- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social.
- Aprobación da modificación do regulamento do servizo municipal de axuda no fogar.

Someténdose os mesmos ó trámite de información pública por un prazo de 30 días a contar dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra para que se presenten as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen convintes.

O que se fai público para o xeral coñecemento, en cumprimento do estipulado pola lexislación vixente.

O Porriño, a 27 de maio de 2010.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2010006961

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do contrato de Pavimentación de camiños municipais en Ventosela e Reboreda, Redondela, do que a seguir se reflicten os seus particulares:

1) ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Concello de Redondela (Pontevedra).
- b) Dependencia: Departamento de Contratación.

2) OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Descrición: Execución das obras comprendidas no proxecto de Pavimentación de camiños municipais en Ventosela e Reboreda, Redondela.
- b) Lotes: Non.
- c) Lugar de execución: Redondela (Pontevedra).
- d) Prazo de execución: 3 meses.

3) TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) Tipo de contrato: Administrativo.
- b) Tramitación: ordinaria.

c) Procedemento: negociado sen publicidade.

4) *ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:*

Importe total: 136.805,57 €, IVE excluído.

5) *ADXUDICACIÓN:*

a) Data: 31 de maio do 2010

b) Contratista: Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA)

c) Nacionalidade: española.

d) Importe da adxudicación: 136.054,44€, IVE excluído.

Redondela, a 9 de xuño de 2010.—O alcalde,
Xaime Rei Barreiro. **2010006789**

* * *

O ROSAL

A N U N C I O

Mediante resolución da Alcaldía do día de hoxe acordouse aproba-las bases e a convocatoria para cubrir tres prazas de persoal laboral temporal para a realización de tarefas de información xeral e venda de cataviños, durante os tres días en que se desenvolve a Feira do Viño do Rosal, a xornada completa.

Pola presente ábrese un prazo de sete días naturais, a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio, para presentar as solicitudes e demais documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, todo elo de conformidade coas bases da convocatoria expostas no taboleiro de anuncios do concello.

O Rosal, a 15 de xuño de 2010.—O Alcalde,
Jesús M^º Fernández Portela. **2010007109**

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobado definitivamente a “Modificación do Regulamento Municipal do Programa Paifillonai” expponse ao público o texto íntegro.

REGULAMENTO MUNICIPAL DO PROGRAMA PAIFILLONAI

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS. FUNDAMENTO E OBXECTO

ARTIGO 1.—OBXECTO

En consonancia cas competencias que en materia de Servizos Sociais teñen atribuídas as corporacións locais na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (art. 25.2.k) e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese o presente regulamento programa Paifillonai no Concello de Sanxenxo.

O obxecto do presente regulamento consiste en establecer as normas de organización e funcionamento do programa Paifillonai posto en marcha dende o Centro de Información á muller (CIM) pertencente á Concellería de Benestar Social do Concello de Sanxenxo.

A interpretación deste regulamento é competencia dos órganos de goberno deste concello.

ARTIGO 2.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación territorial do presente regulamento é o Concello de Sanxenxo.

ARTIGO 3.—CONCEPTO

O programa Paifillonai consiste nunha alternativa lúdica e de ocio promovida e supervisada polo Concello de Sanxenxo facilitando á cidadanía a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ofrecendo un recurso onde nenos e nenas son atendidos por profesionais de ocio e tempo libre.

O programa Paifillonai é un servizo público para nenos e nenas de entre tres e doce anos que promove a educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade.

Constitúe un dispositivo de atención e estancia diúrnas durante o período estival de xullo e agosto sen eximir ás familias das súas responsabilidades.

Si ben trátase dun servizo que pode ser prestado polo sector privado, a oferta deste sector resulta insuficiente, polo que o Concello asume esta prestación

CAPÍTULO II LOCALIZACIÓN E OBXECTIVOS

ARTIGO 4.—LOCALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DO PROGRAMA

O concello poderá contratar a execución do programa con entidades privadas mediante calquera das formas previstas na Lei de 30 de outubro de contratos do sector público.

Dito programa desenvolverase no C.E.I.P. Portonovo podendo ampliarse ó C.E.I.P. Cruceiro (Vilalonga) no caso de que as necesidades así o requiran.

Os espazos serán cedidos polo centro educativo, sendo aprobados polo Consello escolar, previa petición do Concello de Sanxenxo.

ARTIGO 5.—OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Prestar unha atención integral e plural, en xornada diúrna, a aqueles nenos e nenas que, aínda faltos da súa independencia e/ou autonomía, precisan dun recurso con estancia durante os meses de verán.

Manter ós/as nenos/as integrados/as e vinculados/as no seu medio habitual de convivencia, favorecendo a participación na vida comunitaria, evitando situacións de illamento, e ofertando alternativas ocupacionais ou de ocio que favorezan a súa integración social.

Contribuír á educación en hábitos alimenticios sans así como as normas básicas de hixiene, solidariedade, a axuda mutua e educación en igualdade.

CAPÍTULO III DESTINATARIOS/AS

ARTIGO 6.—BENEFICIARIOS/AS

O programa Paifillonai municipal de Sanxenxo é un recurso municipal que oferta prazas de atención ós/as nenos/as residentes no termo municipal de Sanxenxo ou doutros municipios con idades comprendidas entre os tres o doce anos.

ARTIGO 7.—TIPOS DE USUARIOS/AS

Os/as usuarios/as de Paifillonai poderán dividirse en:

- Usuario/a fixo/a: matriculado/a nos meses de xullo e agosto.
- Usuario/a variable: utiliza o programa en quincenas o por un só mes .

Ademais do anterior, deberase elixir entre dúas modalidades de estancia:

- Horario amplo: sería aquel de catro horas e media ou máis. Os horarios de entrada nesta modalidade estarían comprendidos entre as 08:00h e as 10:00h.
- Horario reducido: sería aquel de menos de catro horas e media. Os horarios de entrada nesta modalidade estarían comprendidos entre as 09:00h e as 10:00h e unha única saída ás 13:20h (sen comedor).

A modalidade de horario amplo contará cun servizo de catering que dará comezo ás 13:30h, polo que ademais do anterior, os/as usuarios/as desta modalidade poderán dividirse en:

- Sen comedor: Os horarios de saída serán ás 13:20h e 14:30h
- Con comedor: Os horarios de saída poderán ser ás 14:30h, 15:30h e 16:45h.

A estancia e os horarios de cada usuario/a do programa sería determinado no momento da matrícula e debendo respectala durante todo o período de matriculación, podendo modificarse en casos debidamente xustificadas pero en todo caso, respectando o numero de horas esixidas dentro de cada modalidade de estancia, onde os/as nenos/as matriculados/as no horario reducido, non poderán permanecer no centro máis de catro horas e media.

ARTIGO 8.—SITUACIÓNS EXCLUÍNTES

O concello e o centro reservarán para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos usuarios/as do programa cando reúnan unha serie de características específicas que requiran un tratamento para o cal os/as monitores/as de ocio e tempo libre contratados/as para este fin non se atopen capacitados/as.

Neste caso, excluírase ó/á alumno/a mediante resolución da alcaldía motivada.

As causas de inadmisión ou exclusión serán:

- Nenos/as que polas súas características persoais requiran unha serie de cuidados e atencións para os cales os/as monitores de ocio e tempo libre non se atopen capacitados/as.
- Nenos/as que padezan algunha enfermidade infecto-contaxiosa ou requiran atención sanitaria especializada.
- Nenos/as que experimenten alteracións graves no seu comportamento que impidan a normal convivencia no centro.
- Por razóns que poñan en risco a seguridade e integridade físico-psíquica tanto do propio neno/a como dos demais usuarios/as.

CAPÍTULO IV PRESTACIÓNS

ARTIGO 9.—O PROGRAMA

O programa Paifillonai de Sanxenxo ofertará unha atención integral e polivalente ó abeiro da normativa local vixente e das disposicións en materia educativa sobre cooperación na realización de actividades e servizos complementarios facilitando a conciliación da vida persoal, laboral e familiar dos usuarios/as.

Tódalas atencións e actividades aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades do usuario/a e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

ARTIGO 10.—O SERVIZO DE COMEDOR

Para garantir unha boa calidade no servizo proporcionado, o concello levará a cabo a contratación dunha empresa de catering encargada do servizo de comedor.

O horario de comidas dará comezo a partir das 13:30 horas e finalizará ás 14:30 horas.

Os menús deberán ser deseñados segundo a orientación de técnicos/as competentes en materia de alimentación e estarán axustados ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas que se esixan para atender as necesidades alimentarias dos/as usuarios/as do programa.

**CAPÍTULO V
ORGANIZACIÓN E PERSOAL**

ARTIGO 11.—PERSOAL

O programa Paifillonai deberá contar cun persoal axeitado en número e especialización para prestar os servizos correspondentes de atención directa e cunha persoa responsable da coordinación.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións e prestacións sinaladas no regulamento, serán sempre prestadas por persoal cualificado e contratado para o efecto.

ARTIGO 12.—DATAS E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días.

A súa actividade desenvolverase de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos.

A persoa solicitante do programa deberá optar por unha modalidade de estancia (horario amplo ou reducido), elixindo a hora de entrada e saída dentro das opcións dispoñibles en cada unha das modalidades e debendo respectala en todo o período de matriculación, para un mellor desenvolvemento do programa, salvo en casos excepcionais e xustificadas. En ningún caso, os/as nenos/as da modalidade de horario reducido poderán permanecer no programa máis tempo daquel que lle corresponde.

**CAPÍTULO VI
SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA**

ARTIGO 13: SOLICITUDE DE PRAZA

As persoas interesadas en participar no programa Paifillonai deberán acudir no prazo determinado ás dependencias do CIM situadas na rúa Rafael Picó nº4 de Portonovo, Sanxenxo en horario de 08:00 a 15:00h para realizar a correspondente solicitude de praza segundo o anexo I.

Xunto esta solicitude deberán aportar toda a documentación requirida, dispoñendo de 10 días

hábiles para completala a contar dende a data de entrega da mesma. En caso de non facelo, a solicitude será arquivada e quedará sen efectos.

**ARTIGO 14 .—NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS
E SELECCIÓN DOS SOLICITANTES**

O número máximo de prazas dispoñibles será de 130 por centro e por quenda mínima de quince días, e o programa só se porá en marcha cun mínimo de 50 nenos/as matriculados/as, na totalidade dos meses de xullo e agosto en cada centro.

Haberá un prazo de presentación de solicitudes a fin de coñecer o número de persoas solicitantes deste programa.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas farase unha selección e terán prioridade as familias con determinadas características socio-económicas. No anexo II deste regulamento preséntase o baremo que será empregado no caso de ser necesario facer unha selección das persoas solicitantes para axústalas ó número de prazas ofertadas.

O/a Presidente/a do Organismo autónomo “Terra de Sanxenxo” aprobará a lista de admitidos/as, previo informe dos/as técnicos/as competentes do Centro de Información á Muller (CIM) .

Publicarase unha listaxe provisional de persoas admitidas coas puntuacións obtidas, nos taboleiros das dependencias dos Servizos Sociais e/ou da Casa do Concello e concederase un prazo para a presentación de reclamacións de 5 días hábiles.

Ao remate deste prazo, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas xunto cunha listaxe de agarda.

ARTIGO 15.—FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos/as, estes disporán dun prazo de 5 días hábiles, que se anunciará oportunamente, para formalizar a matrícula e proceder ó pago do programa.

Os/as admitidos/as neste programa que non formalicen a matrícula no prazo fixado para este fin quedarán excluídos/as da asistencia ao mesmo dando paso ao chamamento dos/as nenos/as que figuren na listaxe de agarda, para que formalicen a matrícula no improrrogable prazo de tres días dende o seu chamamento.

**CAPÍTULO VIII
RÉXIME ECONÓMICO**

ARTIGO 16.—FINANCIAMENTO

As fontes de financiamento deste programa son o propio concello e as cotas aboadas polos/as usuarios/as, así como posibles subvencións procedentes doutras Administracións.

ARTIGO 17.—ESPECIFICACIÓN S ÁS TARIFAS

O custo da praza do programa será o que esta-bleza a ordenanza que lle é de aplicación e nestes prezos estará incluído o imposto sobre o valor en-gadido.

Os beneficiarios que residan a maior parte do tempo noutro concello asumirán o 100% do custo total da praza.

O Concello de Sanxenxo establecerá un baremo para fixar a achega dos/as usuarios/as a dito pro-grama.

O prezo público será acordado anualmente polo Concello de Sanxenxo.

O pagamento efectuarase mediante un ingreso/ transferencia bancaria nunha conta designada a este efecto, debendo especificarse:

- Nome e Apelidos do/a neno/a
- O concepto: Paifillonai
- O período de tempo que está a pagar

O xustificante de pagamento deberá entregarse nas dependencias do CIM para rematar o proceso de formalización da matrícula.

O pagamento do servizo de comedor poderá ter dúas modalidades:

- Servizo de comedor habitual por períodos temporais de semanas ou meses: Ingreso bancario indicando o período a pagar, o cal se fará por adiantado, dentro dos 5 primeiros días de cada período mediante transferencia /ingreso bancario, na conta que se sinale, servindo como comprobante de pagamento o resguardo bancario.
- Servizo de comedor para comidas puntuais: Poderán adquirirse bonos diarios de comedor, que deberán entregarse no propio centro cun mínimo de un día de antelación ao día no que desexa utilizarse.

ARTIGO 18.—EXENCIÓN DO PREZO PÚBLICO DA MATRÍCULA

O/a Presidente/a do Organismo Autónomo ou en quen delegue poderá acordar, en determinadas cir-cunstancias, a exención do prezo público da matrí-cula para acceder ó programa. Neste caso estarán incluídos aqueles nenos/as pertencentes a familias que residan a maior parte do tempo neste munici-pio que se atopen en situacións de dificultade so-cial e que os seus ingresos económicos netos do ano anterior a data da solicitude non superen en renda per cápita ao importe mensual da pensión non con-tributiva establecida anualmente.

A procedencia da exención ou redución acredi-tarase mediante un informe social elaborado polas traballadoras sociais municipais ou pola educadora familiar municipal dos servizos sociais municipais.

ARTIGO 19.—LISTAXE DE AGARDA

No caso de non haber prazas dispoñibles sufi-cientes para satisfacer a demanda deste programa, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda coas persoas solicitantes excluídas. Para confeccio-nar esta listaxe seguirase a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección de persoas admitidas.

Os/as nenos/as en lista de agarda poderán incor-porarse ó programa seguindo estrictamente a orde na que figure na lista e, en todo caso, en función das baixas que se produzan.

ARTIGO 20: SOLICITUDES PRESENTADAS FORA DO PRAZO

As solicitudes que foran presentadas fora do prazo establecido a tal efecto incluíranse na lista de agarda do servizo por rigorosa entrada no rexis-tro xeral do Concello de Sanxenxo.

ARTIGO 21.—BAIXA DO/A USUARIO/A

